

Unha das primeiras tarefas que imos facer é renomear os ficheiros de imaxes que temos ou BEN axustar os nomes a un determinado patrón para facilitar a clasificación e manexo do material fotográfico que queremos compartir. Para levar a cabo esta tarefa deixámonos aconsellar por Lara López, a nosa experta informática, e Lupas Rename é a aplicación perfecta, facer este traballo co Explorador de Windows sería moi tedioso xa que só permite cambiar os ficheiros de un en un.


Lupas Rename, é un programa gratuito e fácil de usar. Intégrase nos menús contextuais para renomear desde calquera lugar, e inclúe moitas fórmulas de renomeado secuencial, aleatorio, inserción de cadeas de texto dentro do nome, etc. Ademais converte maiúsculas en minúsculas, edita as extensións, engade a data do día ao nome e outras moitas posibilidades.

» Instalación

Descargase a aplicación dende a web oficial na dirección rename.lupasfreeware.org. Unha vez efectuada a descarga executase o arquivo [setupES.exe](#) para iniciar o proceso de instalación, el cal es moi doado, xa que só hai que seguir os pasos que indica o asistente de instalación e deixar os valores por defecto que o mesmo da.

» Funcionamiento de Lupas Rename



Lupas Rename utiliza un sistema de solapas situadas na parte inferior da xanela principal, para operar cos arquivos seleccionados. Estes se amosan na xanela central.




No recadro da dereita ofrece unha previsualización, para comprobar como quedarán os arquivos despois do renomeamento.

Por último, as opcións principais sitúanse en forma de iconas, na barra superior da xanela. Comezamos pulsando no botón [Opciones xerais](#), e podemos observar que todas as opcións son autoexplicativas.

Asegurámonos de que están marcadas as opcións [Pedir confirmación antes de renomear os arquivos](#) e [Recargar as opcións ao iniciar](#).




Se queremos que a aplicación sexa accesible dende calquera menú contextual, marcamos a opción [Añadir Lupas Rename desde aquí](#).



En primeiro lugar, hai que buscar a carpeta cuxos ficheiros se queren renomear. Obviamente, tamén es posible renomear carpetas. Pulsamos a icona [Selecciona un disco](#) e eliximos a unidade.


Despois pulsamos na icona de carpeta, no recadro [Directorio](#), para entrar na carpeta onde están os ficheiros. Pulsamos a tecla [Ctrl](#) e pulsamos nos arquivos elixidos. Podemos utilizar distintos métodos.

Entramos na solapa [Nombre](#), para cambiar o nome dos ficheiros, é dicir, o que está antes do punto. Observamos cada unha das opcións e marcamos a que necesitamos: [reemplazar el texto](#), [cortar](#), [insertar](#), etc. Nalgúns casos, teremos que teclear o novo texto. A continuación pulsamos en [Extensión](#).



Se é necesario, repetimos o proceso anterior, pero co texto que hai despois do punto.

O último paso consiste en engadir un número, si estamos renomeando varios ficheiros ao mesmo tempo. Entramos en [Autonumeración](#) e eliximos o formato. Podemos incrementar por calquera cantidade e colocar o número ao principio ou final del arquivo. Una vez que terminemos pulsamos o botón [Renombrar](#).



E xa para rematar, comentar que si nos equivocamos ao cambiar de nome a un grupo de centos de arquivos, non rabiedes xa que podemos volver atrás as veces que queiramos con tan só pulsar o botón [Deshacer](#).

